



Premios **Aprendizaje & Servicio**

Premios Aprendizaxe-Servizo 2024

BASES PARA A PRESENTACIÓN DE PROXECTOS



Con la colaboración del



Bases para a presentación de proxectos

A **Rede Española de Aprendizaxe-Servizo y Educo**, coa colaboración do **Ministerio de Educación e Formación Profesional e Deportes**, convocan os centros de Educación Infantil-Primaria, ESO-Bacharelato e Formación Profesional, así como as entidades sociais do Estado español, aos **Premios Aprendizaxe-Servizo 2024**.

Obxectivos dos Premios

1. Recoñecer o labor dos **centros educativos e entidades sociais** que integran a aprendizaxe de nenos, nenas e xente nova con accións solidarias destinadas a mellorar a calidade de vida da comunidade.
2. Recoñecer a capacidade dos **nenos, nenas e xente nova**, en especial, dos que teñen menores oportunidades de provocar cambios positivos na contorna, para que poidan converterse en cidadanía activa.
3. Recoñecer e darlles visibilidade ás **prácticas de aprendizaxe-servizo** como ferramenta de éxito educativo e compromiso social, estimulando a súa divulgación e a súa implementación.
4. Fortalecer e difundir na sociedade **unha cultura participativa, solidaria e de compromiso cívico**, enfocada na xustiza social e nos dereitos humanos.

Características y requisitos

1. Quen poden participar?

Poderán participar na convocatoria dos Premios Aprendizaxe-Servizo 2024 todos os **centros educativos** do Estado español, así como os centros de titularidade do Estado español no exterior sexan públicos, concertados ou privados, dos niveis de Infantil-Primaria, ESO-Bacharelato e Formación Profesional¹, e os centros de Educación Especial que estean a desenvolver prácticas de aprendizaxe-servizo.

Tamén poden participar as **entidades sociais** (entidades de educación non formal, movementos e asociacións xuvenís, clubs de tempo libre, agrupacións scout, e asociacións de voluntariado, ambientais, culturais etc.) que estean a desenvolver prácticas de aprendizaxe-servizo en calquera das comunidades autónomas.

¹ Baixo este concepto agrupamos a Formación Profesional Básica, os Ciclos Formativos de Grao Medio e de Grao Superior, a Formación Profesional adaptada ou especial, e a aprendizaxe de tarefas do alumnado con necesidades educativas especiais, así como os ensinamentos artísticos e musicais, as escolas de persoas adultas e a formación para o emprego.

Os centros educativos e as **entidades sociais** que participen deben respectar as leis vixentes e, especialmente, todo aquilo que fai referencia ás medidas de protección da infancia.

Posto que os Premios se dirixen aos sectores educativos non universitarios, as institucións universitarias non poderán participar presentando proxectos nos que o alumnado universitario sexa protagonista, pero poden presentarse como institucións colaboradoras dos centros educativos ou entidades sociais que se presentan nesta convocatoria.

As administracións públicas quedan así mesmo excluídas, aínda que poden presentarse como institucións colaboradoras dos centros educativos ou entidades sociais que si se presentan.

É indispensable que a presentación do proxecto á convocatoria estea avalada **pola dirección da institución** (centro educativo ou entidade social), non só pola persoa responsable do proxecto.

Cada centro ou entidade social pode presentar **tantos proxectos como desexe**, sempre que cumpra as bases aquí expostas.

2. Que tipo de proxectos poden presentarse?

Nesta convocatoria aceptáranse proxectos dos cursos académicos consecutivos:

- Proxectos de aprendizaxe-servizo **finalizados no curso 2022-2023**, aínda que se presentasen xa na convocatoria do ano pasado.
- Proxectos de aprendizaxe-servizo **finalizados no curso 2023-2024**.

Non se aceptarán experiencias anteriores ou ben proxectos que aínda non se concretasen na práctica.

Os centros educativos e as entidades sociais que foron premiados en anteriores convocatorias non poden volver presentar o mesmo proxecto premiado, **pero si poden presentar outros**.

Os centros educativos e as entidades sociais que quedaron finalistas en anteriores convocatorias **poden volver presentar o mesmo proxecto nesta** nova edición dos Premios, sempre cando os proxectos se levasen a cabo no curso 2022-2023 ou 2023-2024.

O proxecto de aprendizaxe-servizo que se presente debe identificarse cun destes dous modelos:

- **Modelo A: un proxecto concreto de aprendizaxe-servizo** protagonizado por rapaces ou rapazas dun grupo de idade ou colectivo concreto, ou ben de todo o centro educativo ou entidade social.
- **Modelo B:** para un centro educativo ou entidade social que incorporou a aprendizaxe-servizo como **sinal de identidade do seu proxecto global**.

Entendemos por aprendizaxe-servizo:

Unha proposta educativa que combina procesos de aprendizaxe e de servizo á comunidade nun só proxecto ben articulado onde os rapaces e as rapazas participantes aprenden a traballar en necesidades reais da contorna coa finalidade de melloralas.

3. Como se debe presentar un proxecto?

Cada proxecto presentarase en **formato dixital e en calquera das linguas oficiais do Estado**, para o que será necesario:

1. Encher un **formulario** de inscrición en liña dispoñible en <https://aprendizajeservicio.com/>
2. Achegar, xunto co formulario, un **documento descriptivo** do proxecto (ver os Anexos 1 e 2). Extensión máxima:
 - **Modelo A:** proxectos de aprendizaxe-servizo. Máximo 7500 palabras e 15 páxinas.
 - **Modelo B:** centros educativos ou entidades sociais que incorporan a aprendizaxe-servizo no seu proxecto global. Máximo 7500 palabras e 15 páxinas.
3. Indicar no documento descriptivo a ligazón dun **vídeo** sobre a experiencia (ver o anexos).

Descartaranse todos os proxectos que excedan as dimensións indicadas ou que non presenten algún dos compoñentes que se especifican nos Anexos 1 e 2.

4. Onde e cando debe enviarse o proxecto?

O formulario en liña e o documento do proxecto que contén a ligazón do vídeo débense presentar ata o **30 de setembro de 2024** a través da web dos Premios Aprendizaxe-Servizo: <https://aprendizajeservicio.com/>

5. Que premios hai?

1. Premio Promoción de hábitos saudables e prevención da obesidade

Está dirixido a proxectos que promoven iniciativas ou proxectos de saúde comunitaria tales como a alimentación saudable e a loita contra a obesidade infantil, o fomento da actividade física, as accións contra o sedentarismo, a prevención de condutas de risco, a doazón de sangue, a prevención de accidentes, a saúde bucal, a saúde visual...

Este premio está apadrinado por **DKV Seguros** e está dotado con 1500 euros.

2. Premio Saúde e medio ambiente

Está dirixido a proxectos que fomentan a sensibilización e as accións en favor do medio ambiente que inciden na saúde da poboación, tales como a contaminación, as alerxias, a calidade da auga potable, a degradación da biodiversidade, o control de pragas, a contaminación por residuos plásticos, os usos

terapéuticos de espazos naturais, así como na concienciación da poboación fronte a catástrofes, epidemias e emerxencias...

Este premio está apadriñado por **DKV Seguros** e está dotado con 1500 euros.

3. Premio Doazón de sangue e de tecidos

Dirixido a proxectos que promoven campañas cidadás ou outras iniciativas de sensibilización para a poboación adulta destinadas a conseguir doazóns e novos doadores de sangue, plasma, medula... en colaboración con hospitais, bancos de sangue, asociacións de doadores ou outras asociacións, entidades e organismos de tipo sanitario.

Este premio está apadriñado por **DKV Seguros** e está dotado con 1500 euros.

4. Premio Solidariedade e Dereitos humanos

Está dirixido a proxectos que promoven o desenvolvemento social a través da sensibilización cidadá e as accións solidarias en relación coa pobreza, a exclusión social, as discapacidades, a soidade, a discriminación, o desemprego, a inserción das persoas privadas de liberdade, a fame, a cultura do odio e a xenofobia, e, en xeral, o apoio á poboación vulnerable.

Este premio está amadriñado pola **Fundación La Caixa** e está dotado con 1500 euros.

5. Premio Aprendizaxe-servizo en entidades sociais

Está dirixido a proxectos impulsados por entidades sociais (asistenciais, culturais, cívicas, de axuda mutua, ambientais, deportivas...) durante o calendario escolar ou en tempo de vacacións, que promoven o desenvolvemento social a través da sensibilización cidadá e as accións solidarias en relación coa pobreza, a exclusión social, as discapacidades, a soidade, a discriminación, o desemprego, a inserción das persoas privadas de liberdade, a fame, a cultura do odio e a xenofobia, o coidado do medio ambiente, a saúde e, en xeral, o apoio á poboación vulnerable.

Este premio está amadriñado pola **Fundación La Caixa** e está dotado con 1500 euros.

6. Premio Apoio ás persoas maiores

Está dirixido a proxectos que promoven o apoio e a solidariedade coas persoas maiores, a fin de romper o illamento e establecer lazos interxeracionais, a través de accións conxuntas de carácter lúdico, artístico, creativo ou solidario con outros colectivos; de estimulación cognitiva; de acompañamento na vida cotiá; de recuperación da memoria biográfica...

Este premio está amadriñado pola **Fundación La Caixa** e está dotado con 1500 euros.

7. Premio Aprendizaxe-Servizo a través das Artes

Está dirixido a proxectos impulsados por mozos (dos niveis de ESO, Bacharelato e Formación Profesional) que inciden en calquera área de interese social orientada ao ben común, utilizando as artes (plásticas, visuais, musicais, escénicas...) a fin de promover calidade de vida e benestar emocional na poboación.

Este premio está apadrinado pola **Fundación Princesa de Xirona** e dotado cunha axuda á mobilidade para asistir a algún dos encontros do Tour do Talento 2025 organizados por esta Fundación, ou ben coa posibilidade de contar, no centro educativo, cun dos Concertos Amplificarte, espectáculos que combinan o testemuño de artistas novos emerxentes e con propósito, coas súas cancións e aprendizaxes emocionais durante os 50' que dura a experiencia.

8. Premio Aprendizaxe-servizo na etapa de Infantil-Primaria

Está dirixido a proxectos de calquera temática (saúde, medio ambiente, persoas maiores, persoas con discapacidade, acompañamento a nenos e nenas...), protagonizados por alumnos e alumnas de Infantil e Primaria, nos cales teñan un papel determinante. Pode ser ou ben un proxecto propio do grupo ou un proxecto Infantil-Primaria no marco doutro xeral, onde interveñen tamén mozos e mozas maiores.

Este premio está amadrinado pola **OEI (Organización de Estados Iberoamericanos)** e está dotado con 1500 euros.

9. Premio Fomento da lectura e do coidado

Está dirixido a proxectos que teñen como finalidade promover a lectura a través de calquera tipo de estratexia: amadrinamento lector, potenciación ou creación da biblioteca escolar ou da biblioteca do barrio, achegamento da lectura a colectivos vulnerables ou persoas hospitalizadas, campañas de difusión da lectura, actividades lúdicas en relación cos contos e as lendas populares, uso de la lectura en campañas solidarias. Valorarase especialmente aqueles proxectos con acento na promoción e o coidado de persoas desfavorecidas, coidado de persoas maiores, lectura como forma de coidado e autocuidado.

Este premio está amadrinado por **Fundación Edelvives** e dotado con 1.500 euros.

10. Premio Cooperación ao desenvolvemento

Está dirixido a proxectos de solidariedade internacional, intercambio de coñecementos ou apoio a persoas ou colectivos de países en vías de desenvolvemento, con enfoque de xustiza social: organización de campañas de sensibilización e captación de fondos, ou aplicación de coñecementos e habilidades profesionais no terreo.

Este premio está amadrinado por **Fundación Educo** e está dotado con 1500 euros.

11. Premio Participación e empoderamento

Está dirixido a proxectos de calquera temática (saúde, medio ambiente, persoas maiores, persoas con discapacidade, defensa dos dereitos humanos, acompañamento a nenos e nenas...), nos que a participación dos nenos, nenas ou adolescentes sexa relevante.

Este premio está amadrinado por **Fundación Educo** e está dotado con 1500 euros.

12. Premio Educación ambiental

Está dirixido a proxectos que fomentan a toma de conciencia, a formación e o compromiso da comunidade no ámbito da mellora ambiental, o coidado da natureza e a recuperación da biodiversidade, a través de campañas de sensibilización, accións orientadas a promover o coñecemento dos valores ecolóxicos da contorna, iniciativas de conservación ou recuperación de espazos próximos, así como proxectos que contribúan a reducir os impactos sobre o medio ambiente.

Este premio está apadriñado polo **CENEAM (Centro Nacional de Educación Ambiental)** do Ministerio de Transición Ecolóxica e do Reto Demográfico e dotado cunha estancia de tres noites/catro días nun dos equipamentos de educación ambiental xestionados polo CENEAM, para nenos, nenas ou xente nova dun grupo-clase e os seus educadores e educadoras.

Se por calquera imperativo non se puidese realizar esta estancia, o premio sería un webinar destinado a nenos, nenas ou xente nova sobre o tema de medio ambiente que elixan.

13. Premio Fomento da igualdade entre mulleres e homes

Está dirixido a proxectos que fomentan o compromiso coa igualdade entre mulleres e homes e poñen o acento no bo trato, no respecto e na colaboración entre mulleres e homes, e entre mozos e mozas, transformándoos en axentes de cambio. Búscanse proxectos que traballen aspectos como a igualdade de oportunidades, a non discriminación por motivo de xénero, a toma de conciencia, a prevención e a erradicación das violencias contra as mulleres e as nenas, a identificación das fendas existentes entre os sexos no acceso e control dos recursos e nas súas oportunidades de desenvolvemento.

Este premio está amadriñado pola **Fundación Ana Bella** e dotado con 1500 euros.

14. Premio á consolidación e impacto de proxectos Aps

Está dirixido a proxectos de calquera temática (saúde, medio ambiente, persoas maiores, persoas con discapacidade, defensa dos dereitos humanos, acompañamento a nenos e nenas...), que o centro educativo ou a entidade social han desenvolto de maneira persistente ao longo do tempo, consolidáronse como referentes e provocaron un impacto visible no territorio.

Este premio está amadriñado por **Fundación Mullor** e dotado con 1500 euros.

15. Premio Inclusión

Está dirixido a proxectos de calquera temática, nos que mozos e mozas con algunha discapacidade sexan protagonistas do servizo á comunidade ou ben compartan o protagonismo con outros colectivos. Búscanse especialmente proxectos cuxo enfoque non sexa asistencial, senón que supoña una contribución mutua: as persoas con discapacidade contribúen achegando a súa experiencia e valor, e a comunidade recibe esta participación como un enriquecemento.

Este premio está amadriñado por **Plena Inclusión** e está dotado con 1500 euros.

16. Premio Inmigración e convivencia

Está dirixido a proxectos de calquera temática (saúde, medio ambiente, acompañamento educativo...) que promoven a sensibilización cidadá cara ás persoas migrantes, pondo énfase na defensa dos dereitos humanos e o fomento da convivencia, e que favorecen tamén o empoderamento das persoas migrantes como participantes activas na nosa sociedade.

Este premio está amadriñado por la **ONGD Bosco Global** e dotado con 1500 euros.

17. Premio Aprendizaxe-servizo a través do xogo

Está dirixido a proxectos de calquera temática (saúde, medio ambiente, persoas maiores, persoas con discapacidade, acompañamento a nenos e nenas...), que utilicen o xogo como ferramenta educativa (por exemplo: dinamización de xogos con nenos e nenas máis pequenos, xogos de memoria para traballar a estimulación cognitiva nas persoas maiores, xogos psicomotrices dirixidos a persoas con discapacidade etc.)/ etc.) durante o calendario escolar, ou ben en tempo extraescolar, colonias ou campamentos de vacacións.

Este premio está amadriñado por **Asociación Esplai A Florida** e dotado con 1500 euros.

18. Premio á Calidade en proxectos de Aprendizaxe-Servizo na etapa de Formación Profesional

Dirixido a proxectos de aprendizaxe-servizo que se realizan na etapa de FP (Básica, Media e Superior) que poñen o foco na calidade e eficacia do servizo realizado; na aprendizaxe das competencias por desenvolver no currículo e no impacto dos futuros profesionais no seu contorno. Daráselle especial relevancia a proxectos vinculados cos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible e cos novos modelos de desenvolvemento económico sostibles.

Este premio está amadriñado por **ACES-Andalucía (Asociación de Centros Educativos de Economía Social Andaluces)** e dotado con 1.500 euros.

19. Premio Incorporación da aprendizaxe-servizo ao proxecto educativo global

Está dirixido a centros educativos e entidades sociais que integraron de maneira explícita e intensa o aprendizaxe-servizo dentro do seu proxecto educativo ou social, de maneira que o conxunto das actividades que levan a cabo está impregnado deste enfoque e o centro educativo ou a entidade social resulta referente do aprendizaxe-servizo no seu territorio.

Estes proxectos preséntanse no Modelo B. Este premio está amadriñado pola **Rede Española de Aprendizaxe-Servizo** e dotado con 1.500 euros.

20. Premio á Innovación nos proxectos aprendizaxe-servizo

Está dirixido a proxectos sobre calquera tema (saúde, medio ambiente, persoas maiores, persoas con discapacidade, defensa dos dereitos humanos, acompañamento a nenos e nenas, etc.) nos que se impulsen accións educativas innovadoras se promoven ou se traballa a través de metodoloxías innovadoras como as TIC ou calquera outra metodoloxía.

Este premio está amadriñado por **Absotec** e dotado con 1.500 euros.

21. Premio Aprendizaxe-servizo cidade de Mérida

Dirixido a proxectos de calquera temática (saúde, medio ambiente, persoas maiores, persoas con discapacidade, defensa dos dereitos humanos, acompañamento a nenos e nenas...) impulsados por centros educativos ou entidades sociais do municipio de Mérida.

Este premio está amadriñado polo **Concello de Mérida** e dotado con 1.500 euros.

6. Compromisos que comportan os premios

A aceptación do premio comporta asumir os compromisos seguintes por parte do centro educativo ou entidade social premiada:

- a) Participar no **XIV Encontro Estatal en liña de Aprendizaxe-Servizo** (ver apartado núm. 7), a través dunha representación mínima de 4 persoas (2 docentes e 2 mozos/mozas). Para facilitar a asistencia ao Encontro, o centro educativo ou entidade poderá dispoñer dunha bolsa e, ademais, poderá destinar unha parte da dotación económica do premio.
- b) Investir o importe da dotación económica (naqueles premios que a teñan) en desenvolver e estender a experiencia presentada, en iniciar unha nova experiencia aprendizaxe-servizo, ou ben destinalo a unha finalidade social. No caso de que a experiencia sexa presentada por máis dun centro educativo ou entidade social, as partes implicadas acordarán como repartir esa dotación e o xurado entenderá que a presentación da experiencia xa comporta este acordo previo entre as partes.
- c) Os centros educativos e entidades sociais que resulten premiados deberán colaborar no Encontro achegando elementos visuais de presentación do proxecto que se concretarán máis adiante.

7. Onde e cando se entregan os premios?

Os premios entregaranse o **venres 13 de decembro de 2024** no marco do **XVII Encontro Estatal de Aprendizaxe-Servizo**, organizado polo **Concello de Mérida, o Ministerio de Educación e Formación Profesional, o Grupo de Aprendizaxe-Servizo de Extremadura, e a Rede Española de Aprendizaxe-Servizo, coa colaboración de Educo.**

O anuncio dos proxectos premiados farase durante o mes de novembro de 2024 na web dos **Premios Aprendizaxe-Servizo**: <https://aprendizajeservicio.com/>

8. Quen avalía os proxectos?

O xurado está formado por membros da Rede Española de Aprendizaxe-Servizo, de Educo, do Ministerio de Educación e Formación Profesional, e das empresas, entidades e institucións colaboradoras dos Premios. Participan na avaliación dos proxectos máis de 90 persoas expertas en aprendizaxe-servizo.

9. Aceptación das bases

A participación dos centros educativos e entidades sociais nos Premios Aprendizaxe-Servizo 2024 implica a aceptación das bases desta convocatoria, así como as resolucións do xurado, que **decidirá en instancia única e sen recurso de reconsideración nin de apelación.**

Ao que se coñeza a decisión do xurado, todos os proxectos que se presenten nesta convocatoria, independentemente de que sexan premiados ou non, poderán ser incluídos nun banco de experiencias e poderán ser publicados polas entidades convocantes en webs, documentos, materiais audiovisuais, materiais pedagóxicos, proxectos educativos elaborados en versión papel e dixital, redes sociais etc., co obxectivo de difundir as boas prácticas de aprendizaxe-servizo que se realizan en España.

Formulario de inscripción en líña

O formulario de inscripción está dispoñible na web <https://aprendizajeservicio.com/> e nel deberase achegar o documento do proxecto coa ligazón do vídeo.

Anexo 1. Modelo A: proxectos de aprendizaxe-servizo

Requisitos

- a) Para acceder á convocatoria é necesario presentar un documento que describa o proxecto, xunto co formulario de solicitude de participación, ambos en formato dixital, ademais dun video da experiencia.
- b) En calquera caso, tratarase dun proxecto que se levou a cabo na práctica, non dunha idea aínda pendente de concretar.
- c) O documento **non deberá exceder as 15 páxinas nin ter máis de 7500 palabras**, sen contar a portada.
- d) Poderanse incluír esquemas, fotos, todo tipo de ilustracións e ligazóns a outros documentos en liña, coa condición de que non se supere nin o número de páxinas nin o número de palabras..
- e) Terase en conta a presentación coidada e a linguaxe respectuosa coa igualdade de xénero.
- f) O documento deberá describir necesariamente os apartados que se detallan deseguido:
 - 1. Sinopse do proxecto e ligazón do vídeo
 - 2. Problema social ou necesidade da contorna que se atende
 - 3. Descrición do servizo e das tarefas que contén
 - 4. Vinculación cos Obxectivos de Desenvolvemento sostible
 - 5. Necesidades educativas dos nenos, nena e/ou mozos e mozas participantes
 - 6. Obxectivos educativos e/ou competencias que se traballan
 - 7. Actividades de aprendizaxe
 - 8. Calendario
 - 9. Participación dos nenos, nenas, mozos e mozas
 - 10. Traballo en rede
 - 11. Celebración
 - 12. Difusión
 - 13. Recursos necesarios
 - 14. Avaliación
 - 15. Vídeo

Orientacións para redactar o proxecto

1. Sinopse do proxecto, ligazón do vídeo e premios aos que se presenta

a) Sinopse

Debe conter unha breve e clara introdución ao proxecto, **que non supere as 150 palabras**, na que se describa **resumidamente** o problema que se quere abordar, o servizo levado a cabo polos mozos e as mozas, e as aprendizaxes vinculadas, mencionando o traballo en rede.

Valorarase unha sinopse que sexa fácil de entender, que expoña en poucas liñas o servizo e a aprendizaxe, e que sexa un bo resumo do proxecto.

Exemplo

Un grupo de mozos e mozas, despois de investigar a situación de marxinación de nenos e nenas relacionados coa lepra no sur da India, organizan e levan a cabo «**Correndo con JAL**», unha carreira solidaria coa **finalidade de recoller fondos** para apoiar as olimpíadas anuais que organiza esta ONG para loitar contra esa marxinación social infantil en Pondy cherry (India). Reciprocamente, nenos e nenas de Pondy cherry ensínanlle ao noso alumnado o **Kabaddi**, un dos xogos deportivos máis populares na India. Na carreira participan tamén correndo mozos e mozas doutros niveis de Secundaria.

b) Ligazón do vídeo

Neste mesmo apartado hai que indicar a ligazón do vídeo que acompaña o proxecto.

c) Premios aos que se presenta o proxecto

Débense citar só tres premios, por orde de preferencia (as opcións deben coincidir coas que se sinalen no formulario de inscrición).

Os Centros e Entidades que soliciten o Modelo B só deberán indicar a opción: "Premio Incorporación da aprendizaxe-servizo ao proxecto educativo global".

Exemplo

Este proxecto preséntase aos premios seguintes:

1. En primeiro lugar, ao premio Cooperación ao desenvolvemento.
2. En segundo lugar, ao premio Solidariedade e dereitos humanos.
3. En terceiro lugar, ao premio Participación

2. Problema social ou necesidade da contorna que se atende

Neste apartado débese describir brevemente o reto, problema, déficit ou necesidade da **contorna** (cultural, asistencial, educativo, ambiental, sanitario, de dereitos humanos...) no que incidiu o proxecto e sobre o cal traballaron os nenos, nenas, mozos e mozas participantes.

Valorarase que a necesidade social sexa concreta e relevante, atendendo á súa idade e ao seu grao de madurez.

Exemplo

Ideas por desenvolver: Degradación de espazos urbanos, situación de illamento das persoas maiores, marxinación de determinados colectivos de persoas, abandono de mascotas e malos tratos animais, alta porcentaxe de obesidade na localidade...

3. Descrición do servizo e das tarefas que contén

Neste apartado débese expoñer a finalidade concreta do servizo e describir sinteticamente o mans á obra, é dicir, as **principais tarefas do servizo** que realizaron os mozos e mozas, e a súa repercusión na contorna, citando, na medida do posible, os **resultados tanxibles** que se debían alcanzar e como se pode evidenciar este impacto.

Valorarase que o servizo logre producir ou perseguir no tempo cambios claros en relación coa problemática.

Exemplo de ideas por desenvolver

O servizo consistiu na preparación, organización e posta en práctica dunha campaña de limpeza do parque veciñal, moi degradado, que, ademais, é o único nun barrio de 1500 habitantes. Para iso, os mozos e mozas tiveron que elaborar carteis para colgar nos comercios, gravar un vídeo de difusión da campaña para subir ás redes sociais, reunirse coa asociación veciñal e con comerciantes para presentar a campaña e pedirles a súa colaboración, conseguir material de limpeza e apoio loxístico por parte do Concello...

4. Vinculación cos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible

Neste apartado débense **identificar** adecuadamente os ODS da Axenda 2030 das Nacións Unidas vinculados ao proxecto de aprendizaxe-servizo.

Valorarase a indicación das **metas** asociadas a cada ODS, ou unha explicación razoada cando isto non sexa posible.

Exemplo dun proxecto de desenvolvemento turístico da poboación

Os nenos e as nenas realizan distintas accións para dar a coñecer os produtos locais e o patrimonio cultural da localidade entre as persoas que a visitan.

ODS 4: Educación de calidade - Vincúlase á Meta 4.7: Educación para o desenvolvemento sostible, porque...

ODS 8: Traballo decente e crecemento económico - Vincúlase á Meta 8.9: Turismo sostible, porque...

5. Necesidades educativas dos nenos, nenas, mozos e mozas participantes

Neste apartado hai que describir as posibilidades e as limitacións do grupo participante no proxecto: os seus intereses e motivacións, o nivel académico ou as necesidades educativas especiais, a dinámica do grupo, a maneira de xestionar os conflitos, as actitudes e os valores, a sensibilidade ante os problemas da contorna e da sociedade en xeral etc.

Valoraranse os proxectos impulsados polos mozos e mozas con maiores dificultades.

Ejemplos de ideas para desarrollar: conflictos de convivencia en el aula; actitudes poco respetuosas de chicos y chicas hacia las personas mayores; necesidad de trabajar competencias clave, como la comunicación lingüística, la competencia matemática, la ciencia, la ecología, etc.; falta de entrenamiento de las habilidades de trabajo en grupo; menosprecio o desentendimiento de los problemas de la comunidad...

6. Obxectivos educativos e competencias que se traballan

Neste apartado téñense que presentar de maneira clara os obxectivos educativos ou as competencias, a fin de que se entendan cunha primeira lectura.


Valorarase que os obxectivos sexan poucos e estean ben formulados; que sexan significativos e adecuados ao nivel dos mozos e mozas; e que o vínculo entre as aprendizaxes, o servizo e o reforzo mutuo entre ambos sexa visible e potente.

Exemplo: proxecto sobre promoción do consumo responsable, xusto e sostible impulsado por alumnado de 1.º de Bacharelato

Obxectivos educativos xerais

1. Comprender a desigual repartición da riqueza a escala mundial coñecendo as estruturas políticas, sociais e económicas que regulan as relacións internacionais.
2. Sensibilizarse solidariamente coas xeracións futuras destacando a responsabilidade de coidar os recursos do planeta.
3. Fortalecer as competencias clave para responder a demandas complexas e levar a cabo as tarefas diversas que esixe o proxecto.

Obxectivos curriculares	Competencias	Vinculación co servizo
<p><i>Historia do mundo contemporáneo</i></p> <p>Coñecer os procesos históricos da colonización europea e os procesos de descolonización como orixe das desigualdades económicas contemporáneas.</p> <p>Lingua Castelá e Literatura e/ou Lingua Galega e Literatura</p> <p>Expresarse de maneira oral e escrita en diferentes rexistros adaptados a distintas situacións e receptores.</p> <p>Utilizar argumentacións coherentes nun discurso.</p>	<p><i>Conciencia e expresións culturais</i></p> <p>Respectar o dereito á diversidade cultural, e o diálogo entre culturas e sociedades.</p> <p>Sentido da iniciativa e espírito emprendedor. Mostrar iniciativa, interese, proactividade e innovación.</p> <p>Competencia en comunicación lingüística.</p> <p>Expresarse de forma oral en múltiples situacións comunicativas.</p> <p>Escoitar con atención e interese, controlando e adaptando a súa resposta aos requisitos da situación.</p>	<p><i>Campaña de promoción do comercio xusto e consumo responsable</i></p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Organización de debates entre diferentes cursos. ▪ Organización dunha mesa redonda coa participación de persoas expertas. <p><i>Creación e mantemento dunha tenda escolar de comercio xusto</i></p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Establecemento de quendas de voluntariado. ▪ Xestión de pedidos, almacén e contabilidade. <p><i>Recollida de alimentos en colaboración cunha asociación local que atende a persoas sen fogar</i></p>



7. Actividades de aprendizaxe

Neste punto hai que describir de maneira sintética as **principais actividades de aprendizaxe** directamente vinculadas ao servizo. Nuns casos serán actividades de aula e, noutros, de grupo educativo, incluídas as actividades de investigación sobre o terreo ou traballo de campo.

Valoraranse as **actividades de reflexión** sobre o problema que se pretende abordar, as súas causas e as súas consecuencias; e acerca da utilidade do servizo á comunidade e das aprendizaxes persoais que se van adquirindo para a propia vida das persoas participantes.

Exemplo de ideas por desenvolver: Investigación e detección das necesidades dun parque público, estudo das especies vexetais máis adecuadas para rehabilitar un estanque, reflexión sobre a marxinación das persoas con discapacidade, elaboración dun mapa mental sobre as causas e as consecuencias da obesidade, diario individual de desenvolvemento do proxecto, debate sobre as aprendizaxes que se van a realizar ou se realizaron...

8. Calendario

Neste apartado hai que presentar un **esquema** temporal do desenvolvemento do proxecto **cunha breve indicación** das súas fases, que contemple tanto aspectos de aprendizaxe como de servizo.

Valorarase que non se repita o que xa se describiu en apartados anteriores, senón que se desenvolva a secuencia cronolóxica que permita comprender mellor o **proceso** de realización do proxecto.

Exemplo proxecto de cooperación no Sáhara Occidental

Fase 1 *Sensibilización* (octubro de 2023)

Co apoio de vídeos e cuestionarios, o alumnado coñeceu o problema das persoas refuxiadas saharau.s e afondou nel. Outras actividades de sensibilización foron as charlas de Dar al-Karama (21 de decembro), en relación co tema do .Proxecto Hamelin: Capaces de todo.; as explicacións da estancia do noso profesorado nos campamentos, e a conferencia da activista Sultana Jaya.

Fase 2 *Actividades de ensino e aprendizaxe* (de novembro de 2024 a mayo de 2024)

Dirixidas a afondar na sensibilización e empatía do alumnado co pobo saharauí, en relación cos contidos curriculares, e a poñer as bases para levar a cabo a súa contribución ao servizo.

Fase 3 *Servizo: recollida de axuda material, recadación de fondos e difusión pública do conflito* (centrado no terceiro trimestre)

O alumnado fixo provisión de produtos e diñeiro para cubrir diversas necesidades nos campamentos, puxo a punto os documentos cos que contribuíu ao servizo e participou ou organizou a xornada de debate en abril.

Fase 4 *Difusión e celebración dos resultados*

Con motivo de la celebración del Festival Solidario por el Sáhara Occidental, entre abril y mayo acudimos a varios medios de comunicación locales y enviamos notas de prensa al resto para dar a conocer el evento, con el que se cerraba esta edición del proyecto.

9. Participación dos nenos, nenas, mozos e mozas

Neste apartado debe describirse como se previu o protagonismo dos mozos e mozas segundo a súa idade e a súa situación; como se facilitou a organización do proxecto pola súa banda; e como se propiciou que deseñen, desenvolvan e avalien unha acción solidaria e de aprendizaxe.

Valorarase o uso de metodoloxías participativas, o traballo en equipo e a cooperación; a implicación equilibrada, intensa e igualitaria dos mozos e mozas participantes na definición do proxecto e no desenvolvemento das súas distintas fases.

Exemplo de ideas por desenvolver: Maneira en que o grupo decidiu o proxecto ou ben o fixo seu, repartición de tarefas e control da súa execución, asembleas para valorar o avance do proxecto; presentación das accións e dos resultados...

10. Traballo en rede

Neste apartado débese describir o traballo en rede entre as organizacións participantes no proxecto desde un enfoque comunitario (colaboración de centros educativos, entidades sociais e a Administración) e de reciprocidade (todas as partes implicadas resultan beneficiadas).

Valorarase unha alta implicación no deseño e a execución da proposta por parte da entidade ou entidades sociais, institucións implicadas ou persoas destinatarias.

Exemplo de ideas por desenvolver: Un centro educativo de Primaria e unha residencia de persoas maiores próxima deseñan un proxecto de aprendizaxe-servizo a partir das programacións formativas de ambas as dúas entidades. Poñen en común os obxectivos, deseñan e programan conxuntamente as actividades e avalían todo iso de forma interrelacionada. Contan ademais coa colaboración da Asociación de Nais e Pais para o acto final de celebración e do concello da localidade, que cede locais municipais para algunhas actividades extras e financia unha parte dos gastos.

11. Celebración

Neste punto débese describir como se mostrou ou celebrou o resultado do proxecto: realizouse unha festa, un acto de recoñecemento cara a nenos, nenas ou mozos e mozas e entidades participantes...

Valorarase se a celebración é conxunta co resto de axentes participantes no proxecto (entidades, persoas beneficiadas...).

Exemplo de ideas por desenvolver: un acto festivo, unha invitación, se se deu un diploma de recoñecemento, se participou algunha autoridade ...

12. Difusión

Neste apartado hai que expoñer que medios e estratexias se utilizaron para dar a coñecer o proxecto na contorna e ás familias, así como as repercusións que tivo na localidade e nos medios.

Valorarase se na difusión se menciona explicitamente a aprendizaxe-servizo.

Exemplos de ideas por desenvolver: web, reunións informativas, redes sociais, prensa, dípticos, radio, televisión...

13. Recursos necesarios

Neste apartado, hai que resumir, na medida do posible, os recursos específicos que se mobilizaron neste proxecto (materiais, económicos, humanos...), tanto os do centro educativo como os das entidades sociais que participaron.

Valorarase se se conseguen outros recursos á parte dos propios do centro ou entidade.

Exemplos de ideas por desenvolver: Desprazamentos, materiais funxibles, dedicación extra de profesionais e voluntariado ...

14. Avaliación

Neste apartado presentarase unha avaliación do conxunto do proxecto e do nivel de cumprimento dos obxectivos educativos expostos.

Neste apartado presentarase unha avaliación do conxunto do proxecto e do nivel de cumprimento dos obxectivos educativos expostos.

Valorarase un balance final que recolla a opinión dos seus participantes, así como as fortalezas do proxecto, os elementos críticos de mellora, os resultados tanxibles alcanzados, unha reflexión sobre a súa sustentabilidade, na que se indique, ademais, se o proxecto persegue manterse no tempo, se hai compromiso de continuidade coa entidade social no proxecto ou coas persoas destinatarias, a achega de ferramentas concretas de avaliación...

Exemplos de ideas por desenvolver: Esquema dun plan de avaliación, achega de experiencias persoais dos mozos e mozas participantes, testemuños das entidades ou persoas destinatarias, ferramentas de avaliación, cuestionarios, rúbricas utilizadas...

15. Vídeo

O vídeo de 2 minutos que acompaña o documento descritivo do proxecto de aprendizaxe-servizo ten como finalidade ilustrar o proxecto, especialmente a súa posta en práctica; recoller aqueles aspectos que as persoas participantes desexen destacar, e contribuír á difusión do proxecto concreto e da aprendizaxe-servizo en xeral.

Valoraranse aqueles vídeos que, mantendo a finalidade de ilustrar claramente o proxecto, recollan testemuños de mozos e mozas protagonistas, así como das persoas destinatarias do servizo, cando as houbese.

En el caso de que el proyecto resulte premiado, este video se proyectará en la entrega de los premios.

Requisitos

1. Só se presentará un vídeo por cada proxecto de aprendizaxe-servizo presentado.

2. A duración non será superior a **2 minutos**.
3. O vídeo debe ser descritivo do proxecto e deberanse utilizar imaxes e bandas sonoras libres de dereitos.
4. Non se admitirán vídeos que traten de temáticas distintas ao proxecto presentado, que teñan contidos publicitarios ou contrarios aos valores éticos que inspiran a pedagogía da aprendizaxe-servizo.
5. Aceptaranse as reportaxes breves e as noticias do proxecto difundidas por canles de televisión.
6. Os vídeos deberanse subir unicamente a YouTube ou Vimeo en modalidade «acceso público» e débese incluír a ligazón no documento do proxecto que se presenta á convocatoria.

Responsabilidades legais

1. As persoas responsables do proxecto deberán asegurarse de dispoñer do consentimento das persoas que aparecen no vídeo e do consentimento de pais, nais, titoras ou titores legais dos menores de idade.²
2. A **Rede Española de Aprendizaxe-Servizo e Educo** entenden que os centros educativos e as entidades sociais que participan nesta convocatoria contan con este consentimento debidamente asinado polas familias ou titores ou titoras legais e, polo tanto, declinan calquera responsabilidade.
3. As persoas autoras dos vídeos aceptan adherirse á **licenza Creative Commons (by-nc-nd)**³ e, polo tanto, son coñecedoras de que as obras que envíen ao concurso poden ser utilizadas por quen o desexe, sempre que cite a fonte (autoría, centro educativo ou entidade social e data).
4. A **Rede Española de Aprendizaxe-Servizo e Educo** declinan calquera responsabilidade legal relacionada co contido dos vídeos presentados, co incumprimento en materia de propiedade intelectual, industrial ou de imaxe e co cumprimento parcial das bases desta convocatoria por parte dos seus participantes, sendo as autoras ou os autores as únicas persoas responsables legais do vídeo e dos seus contidos.
5. Para ilustrar e difundir o evento, a **Rede Española de Aprendizaxe-Servizo e Educo**, en colaboración con todas as entidades organizadoras, necesitamos a imaxe e a voz dos nenos, as nenas e as persoas adultas participantes. Os proxectos que resulten premiados ou finalistas deberán ter a **autorización de imaxe** de todos os nenos, nenas e mozos menores de idade que aparezan en fotografías relacionadas co proxecto. No anexo 3 pódese atopar a autorización de imaxe que será necesaria cumprimentar.

² Atendendo ao artigo 18.1 da Constitución, regulado pola Lei Orgánica 1/1982, de 5 de maio, sobre o Dereito á Honra, á Intimidade Persoal e Familiar e á Propia Imaxe; e ao artigo 18.4, regulado pola Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal.

³ Recoñecemento – Non Comercial – Sen Obra Derivada (by-nc-nd).

Anexo 2. Modelo B: centros educativos ou entidades sociais que incorporaron a aprendizaxe-servizo ao seu proxecto global

ATENCIÓN: Este modelo só é para centros educativos ou entidades sociais que se presentan ao Premio Incorporación do ApS ao proxecto global do centro educativo ou entidade social.

Análise do contexto do centro ou entidade

- Que características ten o teu centro ou entidade social?
- Cales son as características do barrio ou poboación onde está situado o centro ou entidade social?
- Que necesidades se detectan nesta contorna?
- Que necesidades educativas se detectan en xeral entre os nenos, nenas, mozos e mozas que atende o centro educativo ou entidade social?

Traxectoria da aprendizaxe-servizo no centro ou entidade

- Cando e por que empezou o centro ou entidade a desenvolver proxectos de aprendizaxe-servizo?
- Que principios e valores orientan a opción do centro ou entidade cara á aprendizaxe-servizo?
- Como se incorporou a aprendizaxe-servizo ao proxecto global do centro educativo ou entidade (formación, PEC etc.)?

Os ODS no enfoque educativo do centro ou entidade

- Que espazo ocupan os ODS no proxecto global do centro ou entidade?
- Vincúlanse os proxectos de aprendizaxe-servizo aos ODS?

O traballo en rede do centro

- Con que outros centros, entidades, institucións ou Administracións públicas traballa o centro ou entidade para impulsar os proxectos de aprendizaxe-servizo?
- Como está enfocado este traballo en rede (acordos, convenios, alianzas...)?

Mapa dos diferentes proxectos do centro ou entidade

Neste punto trátase de presentar de maneira esquemática o conxunto de proxectos de aprendizaxe-servizo que se expuxeron en cada nivel educativo, ámbito ou área, do centro educativo ou entidade social no último ano.

Sostibilidade e perspectivas de futuro

- Como se asegura a continuidade dos proxectos de aprendizaxe-servizo que se desenvolven?
- Cales serían as perspectivas de futuro para a mellora da aprendizaxe-servizo no teu centro educativo ou entidade social?

Vídeo síntese

Neste punto trátase de presentar un breve vídeo ilustrativo: pódese facer mediante testemuños, miscelánea de proxectos ou calquera outro contido que exprese o máis significativo da aprendizaxe-servizo no teu centro educativo ou entidade social. Debe durar **2 minutos** como máximo.

Anexo 3. Modelo de autorización do uso de imaxe e voz

Autorización uso imaxe e voz

Apreciadas familias,

Como sabedes, a entrega dos “Premios Aprendizaxe-Servizo 2024” terá lugar o 13 de decembro en Mérida no marco do XVII Encontro Estatal de Aprendizaxe-Servizo organizado polo Concello de Mérida, o Ministerio de Educación, Formación Profesional e Deportes, o Grupo de Aprendizaxe-Servizo de Extremadura, e a Rede Española de Aprendizaxe-Servizo, coa colaboración a Fundación Educo. Para ilustrar e difundir devandito evento, Educo, en colaboración con todas as entidades organizadoras, necesita a imaxe e a voz dos nenos, as nenas e as persoas adultas participantes (en diante entidades organizadoras).

A finalidade deste documento é:

- Informar os pais/nais/titores dos e as participantes menores de 14 anos e aos participantes maiores de 14 do centro, do tratamento que as entidades organizadoras realizarán da imaxe/voz.
- Solicitar o consentimento como base xurídica que permitirá ás entidades organizadoras o tratamento da imaxe/voz das persoas participantes.

Se a persoa participante é menor de 14 anos:

D/Dª con DNI, pai/nai/titor/a de D./Dª

Se a persoa participante ten 14 o máis anos:

D/Dª, con DNI, no seu propio nome.

Autoriza ás entidades organizadoras o tratamento da imaxe/voz do seu fillo/a, ou da miña imaxe/voz (se o participante ten 14 anos ou máis anos), especialmente mediante fotografías ou vídeos, coa finalidade de difundir as actividades do mencionado evento, nos seguintes medios:

- Xornais, revistas, radios e televisións
- Webs, redes sociais e outros espazos da internet
- Folletos informativos e outros

En, a dd/mm/aaaa

Asinado:

Asinado:

Pai/nai/titor/a da persoa participante

Participante ten 14 o máis anos

Protección de datos de carácter persoal sobre o tratamento de imaxe/voz

<p>Quen é o responsable do tratamento dos seus datos persoais?</p>	<p>Fundación Educación y Cooperación (“EDUCO”) Domicilio: C/ Guillem Tell, 47, 08006 Barcelona CIF: G60541554 Correo electrónico: dataprotection@educos.org</p>
<p>Con que finalidade trataremos os seus datos persoais?</p>	<p>Trataremos os datos persoais que nos facilite coa finalidade de xestionar e ilustrar a entrega dos “Premios Aprendizaxe-Servizo 2024”</p>
<p>Canto tempo conservaremos os seus datos persoais?</p>	<p>Os datos persoais facilitados conservaranse durante un prazo máximo de 5 anos</p>
<p>Que lexitimación hai para o tratamento dos seus datos persoais?</p>	<p>A base legal para o tratamento dos seus datos persoais é o consentimento prestado a través do presente documento</p>
<p>A que destinatarios pódense comunicar os seus datos persoais?</p>	<p>Os datos persoais unicamente serán comunicados ao Concello de Mérida, o Ministerio de Educación, Formación Profesional e Deportes, ao Grupo de Aprendizaxe-Servizo de Extremadura e a Rede Española de Aprendizaxe-Servizo.</p>
<p>Cales son os seus dereitos cando nos facilita os seus datos persoais?</p>	<p>Pódese solicitar o exercicio do dereito de acceso aos datos persoais, así como a rectificación dos datos inexactos ou, no seu caso, a súa supresión cando os datos xa non sexa necesarios para as finalidades para os que se recolleron.</p> <p>Tamén se pode solicitar a limitación, potabilidade e oposición do tratamento dos seus datos, en determinadas circunstancias e por motivos relacionados coa súa situación particular.</p> <p>Igualmente, poderase revogar o consentimento en calquera momento sen que iso afecte de forma retroactiva ao tratamento dos datos persoais que se realizou ata o momento por parte das entidades organizadoras. Poderanse exercer os dereitos referidos anteriormente, nos termos e condicións previstos na lexislación vixente, no domicilio social das entidades organizadoras ou solicitalo por correo electrónico.</p> <p>No caso de que non obteña unha resposta satisfactoria, desexa formular unha reclamación ou queira obter máis información respecto diso de calquera destes dereitos, pode contactar coa Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).</p>